

Hélia Correia, Escritora Galega Universal, e Pilar García Negro, Escritora na súa Terra

Redacción | 11 de Febreiro de 2017



Helia Correia

Así o decidiu a AELG na asemblea xeral que este sábado realizou en Santiago de Compostela.

A Asemblea xeral da [Asociación de escritoras e escritores en lingua galega \(AELG\)](#) que este sábado decorreu en Compostela decidiu nomear a autora portuguesa **Hélia Correia** 'Escritora Galega Universal 2017' e á escritora e sociolingüista **Pilar García Negro**, 'Escritora na súa Terra'.

Correia, nada en Lisboa en 1949, gañou en 2015 o '*Premio Camões*', e recolléa o galardón o vindeiro 20 de maio na capital de Galiza, no marco da II Gala do Libro Galego. O ano pasado este recoñecemento recaeu no catalán **Pere Gimferrer**.

Cesáreo Sánchez, presidente da AELG destaca a “calidade literaria” da autora portuguesa, cunha obra onde Galiza “está moi presente”. Así, afirma que Correia “sente Galiza como unha prolongación da súa patria”.

A escritora, sociolingüista e colaboradora de *Sermos Galiza* **Pilar García Negro** recibirá en Lugo, o vindeiro mes de xuño unha homenaxe. AAELG outórgalle o título ‘Escritora na súa Terra’. No 2016 fora a escritoras **Helena Villar Janeiro** a recoñecida como 'Escritora na súa Terra'

Panteón Galegos Ilustres

O vindeiro 24 deste mes a AELG celebrará o '**Día de Rosalía**', unha homenaxe á que se suman máis de medio cento de institucións de toda Galiza. Antes o día 19, terá lugar en San Domingos de Bonaval o "acto central" promovido pola AELG co gallo do Día de Rosalía. Nese acto, para alén da homenaxe á escritora galega máis universal, a AELG reivindicará o Panteón de Galegos Ilustres como un espazo "laico, de acceso público, de propiedade pública" e de "libre acceso" sen necesidade de "pedir permiso aos estamentos eclesiásticos".

